

POLOS CAMIÑOS DA VIDA

O gato da tasca mariñeira

RAFAEL FERNÁNDEZ LORENZO*


“O gato da tasca mariñeira” é o título dun marabilloso poema de Bernardiño Graña, que consegue sublimar de maneira evocadora e suxerente a atmosfera dunha vella taberna de Cangas cunhas poucas palabras perfectamente artelladas.

Lendo o poema un preguntase se realmente *unha imaxe vale máis que mil palabras*, pois no caso que nos ocupa o autor é capaz de trasladarnos por medio da palabra a outro tempo, desenterrando da nosa memoria centos de imaxes que nos fan palpar e percibir o ambiente dunha típica tasca mariñeira que xa non existe, immortalizando e recuperando por medio da escrita un anaco da nosa identidade.

Por outra banda, as fotografías das vellas tabernas de Cangas (Ferrolán, Atlántico, Porta Nova e Macillos) achegánnos tamén a aquela época non tan remota da mesma maneira suxerente e evocadora, porque no fondo o fotógrafo documentalista non é máis cun narrador, un narrador que utiliza uns sistemas innovadores con outro tipo de códigos e distintos soportes para acadar o mesmo fin: contar, comunicar ou expresar. O problema é que estes sistemas innovadores están desprazando gradualmente á palabra escrita cara un reducto elitista e marxinal.

Na Idade Media só uns poucos privilexiados sabían ler e escribir, por iso as igrexas estaabn cheas de representacións escultóricas e pictóricas. Eran auténticos evanxeos en pedra que os fieis aprendían e memorizaban por medio da visualización.

Hoxe en día a práctica totalidade da poboación sabe ler e escribir e pode disfrutar de ámbalas dúas posibilidades, sen embargo a maior



M. NÚÑEZ

parte da xente, opta xenéricamente pola alternativa máis cómoda, e prefere repasar coa mirada centos de imaxes, antes de ter que ler un fermoso relato ou un sublime poema como o de Bernardiño Graña. Pero nesta exposición organizada pola Asociación Cultural “A Cepa”, da Escola de Adultos de Cangas, as fotografías están sempre acompañadas dalgún texto descritivo ou poético perfectamente conxugado, conseguindo deste xeito unha harmónica combinación entre as dúas linguaxes, que teñen por obxecto recuperar da memoria o noso pasado e as nosas raíces, esas raíces que nunca debemos desprezar, pois elas son o alicerce onde nós pousamos e baseamos o noso actual status. Forman parte da nosa identidade, e a identidade é algo que nunca debemos esquecer, pois todos sabemos que os pobos que esquecen a súa identidade acaban por desaparecer.

O gato da tasca mariñeira non ten sete vidas, ten todas aquelas vidas que os lectores lle queiran dar, tantas como a exposición de vellas fotografías de Cangas, que cada vez que uns ollos curiosos a contemplan terá sempre a maxia evocadora e perpetua da nosa idiosincrasia.

*Escritor